

Engaiolante lectura

Unha serie que engancha

PAULA FERNÁNDEZ

Edicións Xerais vén de reeditar a terceira entrega das aventuras dos Megatoxos, Ninfa, Lúa, Ruxe e Faísca, os catro rapaces destinados a vivir aventuras increíbles, que non por isto se volven inverosímiles, dende que un accidente os convertera en mutantes.

Os megatoxos e os Templarios da Luz trátase dunha reedición enriquecida, revisada e ampliada polo autor quen coloca os protagonistas nos Pireneos, nunha viaxe de estudos que os levará ao pasado, ao París da Revolución Industrial para penetrar nunha orde tan pechada e misteriosa como é a dos Templarios, sempre fascinante e atraente. Preséntanse conflitos, dúbidas e reflexións sobre a vida e a morte, perigos e aventuras, moitas aventuras nunha lectura que atrapa, idónea para preadolescentes, con todo o que iso implica no que atinxe ás relacións entre eles, ao seu rexistro lingüístico e á súa maneira idealista de enfrontarse ao mundo.

De seguro moitos rapaces e rapazas han estar pendentes desta publicación. Porque a serie dos Megatoxos é desas que engancha, que crea seguidores e, sen dúbida ningunha, se este fose un país normalizado sería das preferidas na rapazada de entre doce e catorce anos, como acontece con outras series estranxeiras desta sorte, ás que non ten nada que lle envexar, pero que metidas no mainstream causan furor entre os lectores e lectoras.

FARIÑA, Anxo, Os Megatoxos e os templarios da luz, Ed. Xerais, Vigo, 2013, PVP.13 €

